



Había, xa hai ben tempo, un príncipe malvado e moi soberbio que non tiña outra cobiza que a de conquistar todos cantos países da terra existen e facer que a xente tremese coma unha vara verde ao ouvir o seu nome. Ía avanzando e por onde pasaba sementaba sangue e lume; os seus exércitos tripaban as colleitas nos eidos e prendían lume nas casas dos labregos. As lapas lambían as follas das árbores e os froitos penduraban queimados das pólas calcinadas. Máis dunha nai agochara o meniño espido detrás dos valos fumegantes; os soldados buscábana e descubríana a ela e mais ao cativo e deixábanse levar por unha alegría que nin a do mesmo demo, pois nin o propio demo sería quen de conducirse cunha maldade semellante.

O príncipe, malia todo, pensaba que as cousas ían como é debido. A cada día medraba o seu poder, o seu nome apavoraba a todos e a sorte acompañábalos nas súas empresas. Das cidades conquistadas levaba grandes tesouros, así que chegou a acumular tal cantidade de riquezas que non se sabía doutras tamañas en ningures. Mandou erixir magníficos palacios, templos e galerías e cantos ollaban aquela grandeza, exclamaban: "Que príncipe tan grande!" Mais non pensaban na miseria que levara a outros pobos, nin escoitaban os suspiros e os salaios que se elevaban das cidades arrasadas.

O príncipe contemplaba o seu ouro, vía os seus abraiantes edificios e pensaba, como a grea: "Que gran príncipe son! Pero quero aínda máis, moito máis. Preciso é que non haxa no mundo

poder que se iguale ao que eu teño, e aínda menos que o supere." Lanzouse á guerra contra todos os seus veciños e a todos venceu. Dispuxo que os reis derrotados fosen atados á súa carroza con cadeas de ouro, andando atrás dela ao seu paso polas rúas. E cando sentaba á mesa, facíaos botarse aos seus pés e mais aos dos seus cortesáns e apañar as frangullas que el lles ceibaba. Despois ordenou de erixir unha estatua nas prazas e nos palacios reais e mesmo pretendeu tela nas igrexas perante o altar do Señor. Pero os sacerdotes dixéronlle:

"Príncipe, ti es grande, pero Deus é meirande. Non nos atrevemos."

"Ai si?" dixo o perverso príncipe "Daquela hei vencer a Deus." E na súa soberbia e loucura

mandou construír un enxeñoso barco, capaz de navegar polo aire exhibindo as cores da cauda do pavón e semellaba ter mil ollos, aínda que cada ollo era un canón. O príncipe, acomodado no medio e medio da nave, non tiña máis que premer un botón e mil balas saían disparadas; os canóns cargábanse de seu. Centos de poderosas aguias foran enganchadas á proa e o barco emprendeu viaxe cara o Sol.

A Terra ía quedando aló embaixo. Primeiro viuse, cos seus montes e fragas, tal unha agra arada na que o verde salienta as superficies remexidas; a seguir pareceu un mapa chairo e finalmente ficou envolta na néboa e nas nubes. A aguias ascendían sen parar. Niso Deus enviou a un dos seus innúmeros anxos. O príncipe acolleuno cunha choiva de balas, que

volveron caer como a sarabia ao bater coas ás escintilantes do anxo. Unha pingota de sangue, unha apenas, abrollou das branquísimas ás e foi caer no barco no que navegaba o príncipe. Fixo nel un impacto coma de lume, que pesou coma mil quintais de chumbo e precipitou a nave cara a Terra cunha velocidade de vertixe. Crebáronse as fortes ás das aguias, zoou o vento arredor da cabeza do príncipe, e as nubes -que xurdiran do fume das cidades devastadas- tomaron a forma de figuras ameazantes: caranguexos de millas de extensión, que estendían cara el as súas pinzas, penedos que se desprendían e dragóns que deitaban lume polas fauces. Medio morto, xacía o príncipe no barco, que, ao fin, quedou pendurado da ramallada das árbores da fraga.

“Quero vencer a Deus!” berraba “Xureino e hei saír coa miña.”

E durante sete anos andaron no reino a construír naves capaces de sucar o aire e a forxar raios do máis duro aceiro, pois tiña o empeño de derrubar a fortaleza do ceo. Reuniu un inmenso exército, formado por homes de todas as súas terras. Era tan numeroso que, dispostos en formación pechada, ocupaban varias millas cadradas. A tropa embarcou nos buques e el dispúñase a subir ao seu, cando Deus enviou un enxame de mosquitos, un só e nada numeroso. Os insectos rodearon ao príncipe, picárono na cara e as mans. Desenvaiñou a espada, pero non facía outra cousa que mexela no aire oco, sen atinarlle a un mosquito. Mandou entón que tecesen tapices de

gran valor e o envolvesen neles, pois así non o alcanzaría a picadura dos mosquitos, e cumpriuse a súa orde. Mais un só insecto quedou dentro do envurullo e, meténdoselle na orella ao príncipe, espetoulle o aguillón, producíndolle unha coza coma de lume. O veneno penetroulle no cerebro e, coma un tolo, desfíxose dos tapices, esgazou as vestiduras e púxose a danzar espido diante dos seus rudos e salvaxes soldados, que, ao velo, escacharon en burlas contra aquel insensato que pretendera vencer a Deus e fora vencido por un ínfimo mosquito.



